

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 18 de decembro de 2017

ASISTENTES:

Membros :

D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D. Angel Rivas González.
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a. Carmen Silva Rego
D^a. Olga Alonso Suárez
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e corenta minutos de dous mil dezasete e baixo a presidencia do segundo tenente de alcalde, Sr. Regades Fernández (Resolución do 15/12/17) coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretario o concelleiro, Sr. Rodríguez Escudero, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1340).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1341).- PROXECTO DE ORZAMENTOS XERAIS DO CONCELLO DE VIGO PARA O ANO 2018: PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA. EXPTE. 49/142.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta do concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, de data 18/12/17, que di o seguinte:

O Pleno do Concello de Vigo en sesión extraordinaria celebrada o 16 de novembro 2017, aprobou inicialmente o Orzamento Xeral da Entidade Local e o do seu Organismo Autónomo Administrativo dependente, Xerencia Municipal de Urbanismo, para o ano 2018.

En cumprimento do preceptuado nos artigos 169 e 170 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e artigo 13 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común

das Administracións Públicas, o expediente someteuse a exposición pública por un prazo de 15 días hábiles contados a partires do día seguinte o da súa publicación, sendo publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 222 do día 20 de novembro, comezando a súa exposición o día 21, e rematando o prazo da mesma o 13 de decembro de 2017.

No citado período, e consonte á certificación que se adxunta emitida pola Titular do Órgano de Apoio a Xunta de Goberno Local, presentáronse polos interesados 6 alegacións e reclamacións que forman parte da documentación que conforma o expediente do Orzamento Xeral para o ano 2018. Todas e cada unha delas foron resoltas, pronunciándose sobre a estimación ou rexeitamento das mesmas de acordo aos motivos que en cada caso se expresan no informe que se achega, dando así cumprimento ao previsto no artigo 35 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Todas as alegacións teñen sido resoltas de maneira xustificada, incluso naqueles casos, que a reclamación/alegación non estivese en algún dos supostos previstos no artigo 170 do TRLRFL como causas obxectivas para establecer alegacións ou reclamacións ao Orzamento.

Referenciase en cada un dos apartados que conforman esta proposta para o Pleno o número de documento do Rexistro Xeral que ten cada unha das alegacións, así como a identidade de quen a presentou, aínda que as mesmas forman parte do expediente. A contestación que en cada caso motiva a estimación ou rexeitamento figura no informe que conforma o expediente administrativo. Na identificación do alegante analízase a lexitimación en cada caso de quen a presenta, e cal ou cales son os fundamentos da alegación presentada, así mesmo en cada caso avalíase se se dá cumprimento as causas obxectivas que regula o artigo 170.2 do TRLRFL.

En consecuencia co anterior, emitíuse informe segundo ao contido das alegacións, pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

Tendo en conta o informe que figura no expediente identificado como de Alegacións e reclamacións, propónse ao Pleno da Corporación, previo acordo da Xunta de Goberno e logo do Ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, a adopción do seguinte ACORDO:

- a) **Desestimar a Alegación presentada por D. Fernando Moreiras Corral, DNI: 36130927C, co número de documento do Rexistro Xeral 170166954 de data 29/11/2017, en representación da Asociación Veciñal e Cultural Casco Vello, CIF G36645885, de acordo ao informe da Dirección superior Contable e Orzamentaria, a alegación non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, non concorrendo os supostos obxectivos do davandito precepto.**

- b) **Desestimar a alegación presentada pola A.V.C.D SAMPAIO, CIF: G36648103, co número de documento do Rexistro Xeral 170174156 de data 12/12/2017, a mesma non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente**

taxados polo artigo 170.2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

- c) **Desestimar as alegacións presentadas por D. Antonio Collazo Collazo, cos números de documento do Rexistro Xeral 170174574, 170174577 e 170174580 de data 13/12/2017, en representación da Asociación Veciñal de Teis, CIF. G36646545,** de acordo ao informe da Dirección superior Contable e Orzamentaria, a alegación non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

As alegacións reflectidas nos apartados a), b) e c), tendo en conta que fan referencia a obras ou gastos adicionais dentro das bolsas de vinculación xurídica dos créditos que regula a Base 4ª das de Execución do Orzamento con contía superior que a que representan en cada caso as alegacións, no proceso de execución do orzamento, tendo en conta as baixas que se produzan nos procedementos de contratación, poderíanse acometer algunha das solicitudes propostas se se consideran de preferencia. Tendo en consideración as necesidades e empregos a satisfacer, e a insuficiencia dos recursos para facer fronte á totalidade das mesmas, os empregos que figuran no proxecto de Orzamento en trámite, foron os considerados polo goberno como preferentes, aínda que na procura da maior eficiencia posible dos recursos, os excesos que se produzan polos procedementos de contratación, poderán destinarse a este tipo de finalidades.

- d) **Desestimar a alegación presentada por Don Xabier Pérez Iglesias, DNI: 531851185P, en calidade de responsable de Acción Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) de Vigo, co número de documento do Rexistro Xeral 170174914 de data 13/12/2017,** con 46 emendas asociadas.

Creación de novas aplicacións orzamentarias: 24 emendas, contía das mesmas 4.970.000,00 euros.

Aumento de dotación en aplicacións xa dotadas: 12 emendas, contía das 12 emendas, 4.232.000,00 euros.

Total aumentos por novas aplicacións e por aumentos 9.202.000,00 euros.

Anulacións: 6 emendas, contía das mesmas, 5.363.615,47 euros.

Diminucións: 4 emendas, contía das 4 emendas, 3.838.384,53 euros.

Da avaliación feita, ponse de manifesto a imposibilidade de tomala en consideración por afectar en gran medida a contratos en vigor ou en fase de licitación. Entre outros, os contratos que se verían afectados, son os de tratamento do lixo na contía de 2.851.776,53 euros, cuxa dotación é necesaria para atender as necesidades de tratamento dos residuos sólidos urbanos da cidade, afectando ao contrato vixente con

Sociedade SOGAMA. Os dos servizos complementarios de educación por unha contía de 1.764.000,00 euros e 350.000,00 euros respectivamente, que afectarían as prestacións a cargo do contrato de Aulas internacionais ou ao desenvolvemento do programa cultural urbano de medianeras, que a emenda propón a súa anulación, o que suporía rescindir o contrato vixente ou paralizar o proceso de contratación.

En relación coa diminución que se propón da aplicación destinada ao alumeadado de nadal, suporía a resolución do contrato vixente, coas indemnizacións legais que correspondesen segundo o RDL 3/2011.

Proponse igualmente dar de baixa unha aplicación que reflicte o convenio en vigor coa Excma Deputación de Pontevedra para o financiamento de promoción turística, sendo este un gasto con financiamento afectado, polo que de non ter a aplicación destes recursos aos empregos afectados, o axente financiador non quedaría suxeito aos compromisos que reflicte o convenio, en consecuencia, suporía a perda automática deste recurso, polo que tampouco cabería a posibilidade legal de alterar o destino deste recurso.

En canto as dotacións que se corresponden coa promoción turística, de atender a alegación, suporía deixar de prestar os servizos de promoción da cidade nos destinos aéreos das operadoras actuais. Tamén se propón diminuír as contías dos contratos de subministro eléctrico das instalacións deportivas, o cal ten unha avaliación técnica.

A modificación de contratos ten que axustarse ao previsto no artigo 107 do TRLCSP, nos casos que nos ocupa, como a contía das modificacións supón unha modificación substancial, require a rescisión dos mesmos.

En relación cos supostos taxados no artigo 170.2 do TRLRFL, non concorre ningún dos supostos previstos no precitado precepto, polo que, non ten a cualificación de alegación, tratase dunha aplicación alternativa do gasto, non dunha alegación, non se cumpren as causas obxectivas que establece o ordenamento xurídico para tomar en consideración a alegación.

En todos os casos, as dotacións que se reflicten para os contratos en vigor, son as necesarias, non sendo posible a súa anulación ou diminución, sen que previamente se faga a preceptiva modificación ou rescisión do contrato coas indemnizacións que procedan. A modificación de contratos ten que axustarse ao previsto no artigo 107 do TRLCSP, nos casos que nos ocupa, como a contía da modificación supón unha modificación substancial, require a rescisión do mesmo.

Ademais do anterior, estase a propor un uso alternativo dos recursos que tan só podería tramitarse cunha emenda parcial aos orzamentos, institución esta reservada aos grupos políticos con representación municipal, que teñen os seus prazos delimitados polo acordo da Comisión Informativa.

En resume, todas as alegacións presentadas dan cumprimento aos supostos de lexitimación activa, aínda que ningunha delas da cumprimento as causas obxectivas, sendo esta a causa pola que o informe técnico propón o seu rexeitamento.

- e) **Aprobar definitivamente o Orzamento para o ano 2018**, tendo en conta a proposta de resolución das alegacións presentadas ao Orzamento Xeral do Concello de Vigo, non habéndose producido ningunha alteración en relación co Proxecto aprobado polo Pleno da Corporación na sesión extraordinaria de data 16 de novembro de 2017, polo que, non se incorporan máis informes cos contidos inicialmente, coas excepcións dos relativos á resolución das alegacións.

O Proxecto de orzamento está integrado por:

Orzamento dá Entidade Local.

Orzamento do OO.AA. Xerencia Municipal de Urbanismo.

Reflictese nesta proposta o resume por Capítulos da clasificación económicas de gastos, ingresos e por Áreas de Gastos, tanto para o Orzamento da Entidade como o do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo así co os estados Consolidados. En relación con este últimos, os estados orzamentarios que conforman o expediente do Orzamento, inclúen unha consolidación a todos os niveis (Capítulos, Áreas, Aplicacións, Programas....)

A estrutura orzamentaria que se presenta axústase ao previsto na Orde EHA 3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais e a Orde 419/2014, de 14 de marzo pola que se modifica a Orde 3565/2008.

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DO ESTADO GASTOS E INGRESOS DA ENTIDADE E COMPARATIVO 2017-2018

CAPÍTULO	Gastos Entidade			Ingresos Entidade		
	Importe 2017	Importe 2018	Variación %	Importe 2017	Importe 2018	Variación %
1	64.636.637,38	65.770.783,38	1,75%	105.386.182,34	107.973.311,88	2,45%
2	118.126.501,49	119.979.042,90	1,57%	7.871.804,00	8.435.311,27	7,16%
3	7.030,00	3.530,00	-49,79%	37.245.569,63	38.467.338,63	3,28%
4	32.884.979,13	33.926.225,42	3,17%	77.338.950,03	76.526.805,07	-1,05%
5	600.000,00	600.000,00	0,00%	2.168.000,00	2.393.000,00	10,38%
Op. Corr.N.F.	216.255.148,00	220.279.581,70	1,86%	230.010.506,00	233.795.766,85	1,65%
6	13.528.498,00	31.130.357,41	130,11%	,00	,00	0,00%

7	305.000,00	931.069,50	205,27%	80.000,00	18.545.241,76	23081,55%
Operac. Non F.	230.088.646,00	252.341.008,61	9,67%	230.090.506,00	252.341.008,61	9,67%
8	647.860,00	646.000,00	-0,29%	646.000,00	646.000,00	0,00%
9	,00		0,00%	,00		0,00%
Total	230.736.506,00	252.987.008,61	9,64%	230.736.506,00	252.987.008,61	9,64%

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DE GASTOS E INGRESOS DOS ESTADOS CONSOLIDADOS E COMPARATIVO 2017-2018

CAPÍTULO	Gastos dos estados consolidados			Ingresos dos estados consolidados		
	Importe 2017	Importe 2018	Variación %	Importe 2017	Importe 2018	Variación %
1	68.531.459,73	69.712.103,38	1,72%	105.386.182,34	107.973.311,88	2,45%
2	119.645.166,67	121.690.910,43	1,71%	7.871.804,00	8.435.311,27	7,16%
3	7.030,00	3.530,00	-49,79%	38.326.169,63	39.812.438,63	3,88%
4	27.061.579,13	28.102.825,42	3,85%	76.081.437,56	75.402.392,60	-0,89%
5	600.000,00	600.000,00	0,00%	2.178.000,00	2.403.000,00	10,33%
Op. Corr. N.F.	215.845.235,53	220.109.369,23	1,98%	229.843.593,53	234.026.454,38	1,82%
6	16.221.498,00	34.781.257,41	114,41%	2.500.000,00	3.300.000,00	32,00%
7	355.000,00	981.069,50	176,36%	80.000,00	18.545.241,76	23081,55%
Operac. Non F.	232.421.733,53	255.871.696,14	10,08%	232.423.593,53	255.871.696,14	10,09%
8	672.860,00	671.000,00	0,28%	671.000,00	671.000,00	0,00%
9	,00		-100,00%	,00	,00	0,00%
Total	233.094.593,53	256.542.696,14	10,06%	233.094.593,53	256.542.696,14	10,06%

CLASIFICACIÓN FUNCIONAL DE GASTOS E COMPARATIVA 2017-2018

Área	Descripción	Entidade		% var.	Consolidado		% var.
		2017	2018		2017	2018	
0	Débeda Pública	,00	,00	0,00%	,00	,00	0,00%
1	Servizos Públicos básicos	115.904.718,25	128.643.501,40	10,99%	118.262.805,78	132.199.188,93	11,78%
2	Actuación de protección e promoción social	20.564.950,32	21.492.546,72	4,51%	20.564.950,32	21.492.546,72	4,51%
3	Producción B. públicos carácter preferente	40.120.794,86	46.842.455,92	16,75%	40.120.794,86	46.842.455,92	16,75%
4	Actuacións de carácter económico	18.380.632,18	18.391.100,59	-0,06%	18.380.632,18	18.391.100,59	-0,06%

9	Actuacións de carácter Xeral	35.765.410,39	37.617.403,98	5,18%	35.765.410,39	37.617.403,98	5,18%
Total		230.736.506,00	252.987.008,61	9,64%	233.094.593,53	256.542.696,14	10,06%

RESUMO DO ORZAMENTO DE GASTOS E INGRESOS DA XMU E COMPARATIVO 2017-2018

CAPÍTULO	Estado de Gastos			Estado de Ingresos		
	Importe 2017	Importe 2018	Variación %	Importe 2017	Importe 2018	Variación %
1	3.894.822,35	3.941.320,00	1,19%			
2	1.518.665,18	1.711.867,53	12,72%			
3				1.080.600,00	1.345.100,00	24,48%
4	1.325.512,47	1.325.512,47	0,00%	5.891.400,00	6.024.500,00	2,26%
5				10.000,00	10.000,00	0,00%
Op.Corr. Non F	6.739.000,00	6.978.700,00	4,53%	6.982.000,00	7.379.600,00	5,69%
6	2.693.000,00	3.650.900,00	35,57%	2.500.000,00	3.300.000,00	32,00%
7	50.000,00	50.000,00	0,00%			0,00%
Op. Cap. NF	2.743.000,00	3.700.900,00	34,92%	2.500.000,00	3.300.000,00	32,00%
T. Op. N.F	9.482.000,00	10.679.600,00	12,63%	9.482.000,00	10.679.600,00	12,63%
8	25.000,00	25.000,00	0,00%	25.000,00	25.000,00	0,00%
Total	9.507.000,00	10.704.600,00	12,60%	9.507.000,00	10.704.600,00	12,60%

- f) **Aprobar** as Bases de Execución que serán de aplicación á Entidade Local e supletoriamente á Xerencia Municipal de Urbanismo.
- g) **Aprobar** as Bases de Execución específicas da Xerencia Municipal de Urbanismo.
- h) **Aprobar** o cadro de persoal da Entidade Local.
- i) **Aprobar** o cadro de persoal do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo.
- j) **Aprobar** o Plan de Investimento-Financiamento 2018-2021, que quedará sometido aos axustes que cada no se estableza, producíndose a revisión do mesmo en cada ano.
- k) En cumprimento do preceptuado no art. 169 do TRLRHL, o Orzamento Xeral, definitivamente aprobado, será inserido no Boletín Oficial da Provincia, resumido por capítulos de cada un dos orzamentos que o integran.
- l) Do Orzamento Xeral definitivamente aprobado, remitirase copia á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma. A remisión realizarase simultaneamente ao envío o Boletín Oficial ao que se refire o apartado anterior. O procedemento de remisión axustarase ao contido do previsto na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro e Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012.

- m) En cumprimento do previsto no apartado seis do artigo 21 do RD 500/90, o Orzamento definitivo que se aprobe para o ano 2018, terá os seus efectos dende o un de xaneiro e os créditos nel incluídos terán a consideración de créditos iniciais.
- n) O Orzamento entrará en vigor, no exercicio correspondente, unha vez publicado na forma prevista no artigo precitado e terá os seus efectos dende o un de xaneiro.
- o) De acordo o previsto no art. 171 do TRLRHL, contra a aprobación definitiva do Orzamento poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establecen as normas da devandita xurisdición (artigos 45 e 46 da Lei 29/1998). A interposición de recursos non suspenderá por si soa a aplicación do Orzamento definitivamente aprobado pola Corporación Municipal.
- p) Se a Lei dos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018 ou outra norma de igual rango, alterase as contías nas entregas a conta para o ano 2018, procederáse a facer os axustes para facer fronte aos cambios introducidos polo devandito corpo legal se estas tivesen unha repercusión negativa.
- q) Se o dereito positivo de aplicación é alterado por modificación das normas citadas, ou por desenvolvemento da normativa legal ou regulamentaria, polo Pleno da Corporación ou polo órgano que teña a competencia, acordaranse os axustes orzamentarios ou de liquidación e contables que procedan mediante o axuste das magnitudes, créditos e conceptos que corresponda conforme ás normas de aplicación ou ó interese xeral, se das mesmas se puxese en perigo o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentario ou da regra de gasto.
- r) Todas as alegacións presentadas en prazo e das que se tivo coñecemento ata o día 18 de decembro, foron avaliadas e resoltas, considerando que aquelas que non cumpran este requisito, entenderanse rexeitadas pola aplicación do artigo 20 do Real Decreto 500/1990.

Acordo

A Xunta de Goberno local presta conformidade á precedente proposta.

3(1342).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MEDIACIÓN E ASESORAMENTO EN MATERIA DE SEGUROS PRIVADOS AO CONCELLO DE VIGO E OS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS. EXPTE. 5984/241.

Dáse conta da proposta asinada con data 15/12/17 pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 15 de decembro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mediación e asesoramento en materia de seguros privados ao Concello de Vigo e os seus organismos autónomos (5.984-241)

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego e do resultado do sorteo efectuado na sesión pública da Mesa de Contratación do 15 de decembro de 2017 (cláusula 14.2 do prego de cláusulas administrativas particulares), as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de mediación e asesoramento en materia de seguros privados ao Concello de Vigo e os seus organismos autónomos (5.984-241) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación
1	ARTAI CORREDURÍA DE SEGUROS, S.A.	100 puntos
2	WILLIS IBERIA CORREDURIA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.	100 puntos
3	MARSH SA MEDIADORES DE SEGUROS	100 puntos

Segundo.- Requiritr ao licitador clasificado en primeiro lugar, ARTAI CORREDURÍA DE SEGUROS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 7 e 19 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberá acreditar a habilitación profesional esixida (certificación da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións acreditativa da súa inscrición no Rexistro administrativo especial de mediadores de
3. seguros, corredores de reaseguros e dos seus altos cargos)
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares por importe de 3.534,28 euros.

Terceiro.- Requiritr ao citado licitador o aboamento de 886,14 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

4(1343).- ATRIBUCIÓN PROVISIONAL DAS FUNCIÓNS DO POSTO VACANTE DE XEFE DO SERVIZO DE VÍAS E OBRAS. EXPTE. 30993/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 14/12/17, dáse conta do informe-proposta de data 4/12/17, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Mediante instrución de servizo de data 28/11/2017, o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ordea á Área de Recursos Humanos e Formación a realización dos trámites administrativos necesarios para atribución temporal de funcións ao funcionario municipal nº persoal 81985, ata a convocatoria da oferta de emprego público, para que desenvolva temporalmente as funcións do posto de Xefe de Servizo de Vías, Obras e Infraestruturas, logo da vacante inesperada producida no mesmo.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.-MARCO LEGAL DA ATRIBUCIÓN TEMPORAL DE FUNCIÓNS DISTINTAS ÁS PROPIAS DO POSTO DE TRABALLO DOS FUNCIONARIOS PÚBLICOS.

O artigo 73.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen, e sen merma das retribucións.

Pola súa natureza e configuración, a atribución temporal de funcións constitúe un instrumento de xestión de recursos humanos, de carácter estritamente provisional, de xeito tal que permita dar solucións provisionais a situacións transitorias. No presente suposto, a duración da atribución proposta ten por obxecto permitir o normal desenvolvemento dun servizo xestor cun gran volume de tramitación, coas responsabilidades de organización do mesmo, correspondéndolle a planificación dos traballos de mantemento e inversión en obras de vías e infraestruturas municipais, a supervisión e seguimento dos mesmos, a coordinación con outros departamentos, a resolución e dirección das actividades e persoal adscrito ao mesmo, etc., podendo ser deixada sen efecto en calquera momento por acto administrativo en senso contrario, e tendo en todo caso unha vixencia temporal limitada, dado o seu carácter e esencia provisionais.

II.- MOTIVACIÓN DA ATRIBUCIÓN TEMPORAL DE FUNCIÓNS OBXECTO DO EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO.

Na petición de atribución de funcións do posto xefe servizo vías e obras ao funcionario municipal nº de persoal 81985, de data 07/11/2017, asinada polo Xefe Administrativo e Control Orzamentario, co Conforme do 2º Tenente Alcalde e Concelleiro-delegado da área de Fomento, Contratación e Limpeza, en virtude da cal se ditou a Instrución de Servizo de data 28/11/2017, figura motivación suficiente das necesidades apreciadas na prestación do servizo, de xeito que de seguido se indica:

1º.- Por Resolución de data 23.03.2017 do Sr. Concelleiro Delegado da Área de Xestión Municipal, Recursos Humanos e Patrimonio autorizouse a prolongación no servizo activo por un prazo máximo de un ano (ata o 23.03.2018) de D. Agustín Rodríguez Carballo, funcionario municipal con praza de Enxeñeiro de Caminos, Canais e Portos e posto de Xefe Servizo Vías e Obras e Infraestructuras, adscrito ao Servizo de Vías e Obras.

2º.- En data 25.10.2017, sen agotar o prazo de prórroga, o Sr. Rodríguez Carballo presenta escrito a través do Rexistro Xeral do Concello (doc. 170145686) no que solicita sexa interrompido o período de prórroga que lle foi outorgado e o seu pase á situación de xubilación.

3º.- A solicitude voluntaria do Sr. Rodríguez Carballo debe ser aceptada polo Concello de Vigo, por tratarse dun dereito do funcionario. Así o Sr. Concelleiro Delegado da Área de Xestión Municipal, Recursos Humanos e Patrimonio en data 30.10.2017 resolveu autorizar a devandita xubilación con efectos 03.11.2017.

4º.- A anticipación, non prevista da xubilación do Sr. Rodríguez Carballo, provou unha vacante inesperada no posto de Xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestructuras, cunha antelación como mínimo de 5 meses sobre o previsto. Todo elo antes de que se puideran executar as ofertas de emprego actualmente en execución -onde hai unha praza de Enxeñeiro de Caminos, Canais e Portos- e a aprobación da do ano 2017 onde está prevista a inclusión doutra praza da mesma categoría.

5º.- O citado posto é o responsable dun servizo xestor cun gran volume de tramitación, coas responsabilidades de organización do mesmo, correspondéndolle a planificación dos traballos de mantemento e inversións en obras de viais e infraestructuras municipais, a supervisión e seguimento dos mesmos, a coordinación con outros departamentos, a resolución e dirección das actividades e persoal adscrito ao mesmo, etc. É imprescindible e urxente que as citadas funcións sexan exercidas.

O citado posto é de carácter eminentemente técnico, a titulación do anterior titular, Enxeñeiro de Caminos, Canais e Portos é sen dúbida a máis axeitada, pola amplas atribucións profesionais relacionadas coa materia do servizo (viais públicas e infraestructuras), complementándose así co posto de Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, de carácter este xurídico-administrativo.

Agora ben, ao non ter o funcionario municipal nº de persoal 81985, a condición de funcionario de carreira, senón de funcionario interino, a atribución temporal de funcións, non pode constituír mérito para os concursos ou sistemas de provisión de postos de traballo propia dos funcionarios de carreira (concurso ou libre designación).

III.- CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS DE TITULACIÓN.

Consta no expediente persoal do funcionario proposto a titulación universitaria de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos. O dito funcionario, leva desenvolvendo as súas tarefas no Concello de Vigo dende máis de cinco anos. Por Resolución de data 27 de xuño de 2016, foi nomeado funcionario interino con cargo á praza vacante de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos (de conformidade co disposto no artigo 10.1. a) do Real Decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do

Empregado Público), estando adscrito á Área de Servizo Xerais Cód. 44O, ao posto de traballo cod 316.Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos e dotación 1, Grupo A1 de titulación.

Segundo as vixentes guías sobre funcións dos postos de traballo anexas á RPT e aprobadas pola Xunta de Goberno Local, as xefaturas dos servizos teñen asignadas funcións de dirección, planificación e coordinación administrativa das actividades dos servizos ao seu cargo; funcións de dirección que non deben ser confundidas coas funcións directivas públicas profesionais, propias dos órganos directivos, que *ex lege* están reservadas -coa excepción prevista no teor literal do precepto- a funcionarios de carreira encadrados no subgrupo A1 de titulación, segundo o establecido no artigo 130.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, tras a modificación operada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, que sinala que:

“El nombramiento de los coordinadores generales y de los directores generales, atendiendo a criterios de competencia profesional y experiencia deberá efectuarse entre funcionarios de carrera del Estado, de las Comunidades Autónomas, de las Entidades Locales o con habilitación de carácter nacional que pertenezcan a cuerpos o escalas clasificados en el subgrupo A1, salvo que el Reglamento Orgánico Municipal permita que, en atención a las características específicas de las funciones de tales órganos directivos, su titular no reúna dicha condición de funcionario.”

IV.- INCIDENCIA ECONÓMICA E OBRIGATORIO SOMETEMENTO Á PRECEPTIVA FISCALIZACIÓN PREVIA

O presente expediente carece de proposta de gasto e de contido económico; non obstante, e de conformidade co disposto no RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, podería eventualmente xenerar devengos retributivos ulteriores en concepto de produtividade -de acreditarse o rendemento e a realización efectiva e satisfactoria das funcións que temporalmente se atribúen-. Por tal motivo, remítese á preceptiva fiscalización previa do gasto.

Unha vez acreditado o desempeño efectivo das funcións, será nun expediente administrativo posterior no cal se determinen os criterios obxectivos de asignación do complemento de produtividade que se outorgue que corresponderíase con recollidos nas Bases de Execucións dos Orzamentos Municipais que correspondan así nos instrumentos internos de xestión de recursos humanos (instrucións de plantilla ou documento equivalente).

Nas vixentes instrucións sobre plantilla (instrución terceira *in fine*) establécese expresamente que calquera outorgamento de produtividade que non traia causa dos apartados especificamente establecidos na mesma requirirán da previa aprobación pola Xunta de Goberno Local; por tanto, e con carácter previo á aprobación do complemento de produtividade que eventualmente se outorgue, deberán ser aprobados os criterios para a asignación do complemento indicado, que será estimado mediante informe de avaliación, no que se especificará a cantidade de traballo realizado con arreglo aos indicadores de rendemento que se establezan, con carácter porcentual ou segundo o grao de participación na actividade asignada (número de reunións, número de sesións de traballo, etc.) do contido funcional do seu posto, así como a eficacia, calidade, logro de obxectivos e resultados, tempo de traballo adicional e dispoñibilidade do traballo.

V.- PARÁMETROS OBXECTIVOS PARA O DEVENGO DO COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE

Como parámetros obxectivos para o devengo e conseguinte outorgamento dun complemento de produtividade, de proceder e de ser o caso, e sen prexuízo da complexidade de medición dos mesmos -dado o carácter das funcións a encomendar, estímase necesario o establecemento dos seguintes:

- 1.- Porcentaxe de exceso de xornada mensual realizado e verificable nos sistemas de control de presenza horaria e/ou mediante informe da Concellería-delegada da Área de Fomento.
- 2.- Grao de participación nos asuntos xestionados na Área de Fomento, Servizo de Vías e Obras, medibles segundo os sistemas informáticos de xestión de expedientes.
- 3.- Número de reunións e/ou sesións de traballo realizadas mensualmente, dentro e fora do Concello, relacionadas coas funcións encomendadas.
- 4.- Porcentaxe de traballo desempeñado mensualmente susceptible de ser concretado en funcións de xefatura de Servizo, segundo as guías de funcións.

Segundo a orde do servizo do Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, deberá tomarse como marco obxectivo de referencia mensual o importe do complemento específico 625, así como a eficacia, calidade, logro de obxectivos e resultados, tempo de traballo adicional e disponibilidad horaria no desenvolvemento das funcións atribuídas, conforme ao establecido nas Bases de Execución dos vixentes Orzamentos Municipais e normativa que proceda.

O límite temporal da presente atribución debe ser ata a execución da oferta de emprego público de 2016, na que se inclúe unha praza de enxeñeiro de camiños, canais e portos.

VI.- COMPETENCIA.

A competencia para resolver corresponde á Xunta de Goberno Local, segundo acordo da Xunta de Goberno Local de 19/06/2015 e 31/12/2016, a proposta da Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal.

VII.- PROPOSTA DE ACORDO:

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, elévase ao órgano competente a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

“PRIMEIRO.- Atribuír provisionalmente ó funcionario municipal nº persoal 81.985, enxeñeiro de camiños, canais e portos, adscrito á Área de Servizo Xerais Cód. 44O, ao posto de traballo cod 316.Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos e dotación 1, Grupo A1 de titulación; as funcións de xefatura do Servizo de Vías e Obras e Infraestructuras, segundo a solicitude da Concellería-delegada da Área de Fomento de data 08/11/2017.

SEGUNDO.- Aprobar, como parámetros obxectivos para o outorgamento dun complemento de produtividade, de proceder e de ser o caso, os seguintes:

1.- Porcentaxe de exceso de xornada mensual realizado e verificable nos sistemas de control de presenza horaria e/ou mediante informe da Concellería-delegada da Área de Fomento.

2.- Grao de participación nos asuntos xestionados na Área de Fomento, Servizo de Vías e Obras, medibles segundo os sistemas informáticos de xestión de expedientes.

3.- Número de reunións e/ou sesións de traballo realizadas mensualmente, dentro e fora do Concello, relacionadas coas funcións encomendadas.

4.- Porcentaxe de traballo desempeñado mensualmente susceptible de ser concretado en funcións de xefatura de Servizo, segundo as guías de funcións.

TERCEIRO.- Dispoñer que a dita atribución devengará un complemento de produtividade polas funcións que se lle asignan, así como polo incremento obxectivo da actividade municipal, tomando como marco obxectivo de referencia mensual o complemento específico 625, así como a eficacia, calidade, logro de obxectivos e resultados, tempo de traballo adicional e dispoñibilidade horaria no desenvolvemento das funcións atribuídas, conforme ao establecido nas Bases de Execución dos vixentes Orzamentos Municipais e normativa que proceda.

CUARTO.- Dispoñer que ao non ter o funcionario municipal nº de persoal 81985, a condición de funcionario de carreira, senón de funcionario interino, a atribución temporal de funcións, non pode constituír mérito para os concursos ou sistemas de provisión de postos de traballo propia dos funcionarios de carreira (concurso ou libre designación)

QUINTO.- Dispoñer que a atribución temporal de funcións que se realice terá carácter estritamente provisional ata que se deixe sen efecto mediante acto administrativo posterior ou finalización da oferta de emprego público de 2016.

SEXTO.- Notificar a presente aos interesados/as, concelleiros/a-delegados/a da Área de Fomento, Secretaría Xeral (Pleno, Xunta de Goberno e Administración Municipal); Interventor Xeral, Titular da Asesoría Xurídica Municipal, e Presidente do Comité de Persoal para coñecemento e efectos.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1344).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “HUMANIZACIÓN DE BEIRARRÚAS NA AVDA. ATLÁNTIDA”.5105/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 15/12/17 e o informe de fiscalización do 18/12/17, dáse conta do informe-proposta de data 18/12/17, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o concelleiro delegado de Fomento e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1º- O Pleno Municipal en sesión levada a cabo o día de 26 de xullo de 2017, aprobou inicialmente o expediente núm. 41/17, de modificación orzamentaria, expoñéndose o devandito expediente ao público segundo anuncio publicado no B.O.P do día 02/08/2017. Transcorrido o prazo de exposición regulamentario, de acordo ao preceptuado polo artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo RDL 2/2004, e non téndose presentado reclamación algunha, considérase definitivamente aprobada a antedita modificación orzamentaria núm. 41/17, e foi publicada a aprobación definitiva no BOP do día 01/09/2017. Na citada modificación orzamentaria se contempla a aplicación 1532.619.00.68 "Humanización Beirarrúas Avenida Atlántida", cun importe de 470.398,94€.

2º.- Para levar a cabo esta actuación o Concelleiro Delegado de Fomento, resolveu en data 17.01.2017 autorizar o gasto para a redacción de proxectos e memorias valoradas na Área de Fomento de carácter xenérico, sendo o mesmo encargado á mercantil Ingenia Proyectos Técnicos, S.L.

3º- Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente núm. 3.545/443, correspondente ao proxecto de obras, aprobado pola XGL en sesión de 5.12.2017, de cuxa execución se trata. No dito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas particulares da execución da obra.

No expediente de contratación consta a documentación que segue:

a) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión do 05.12.2017 correspondese co expediente administrativo 3.545/443. O proxecto foi redactado pola Enxeñeira de Camiños Canais e Portos D^a María Ferreiro Núñez cun orzamento base de execución de CATROCENTOS SETENTA MIL TRESCENTOS NOVENTA E OITO EUROS

b) Informe de Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato, asinada polo Enxeñeiro Municipal de Camiños Canais e Portos, e o Xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento con data 08.12.2017

c) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento de data 08.12.2017

d) Acta de replanteo asinada polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos Municipal con data 08.12.2017

e) Prego de prescricións técnicas particulares redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos D^a María Ferreiro Núñez, de acordo co proxecto aprobado pola XGL en data 05.12.2017, correspondese co expediente 3545/443.

f) Informe da Xefa do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública de data 12.12.2017.

g) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 15.12.2017

h) Informe favorable da Asesoría Xurídica de data 15.12.2017.

II.- Fundamentos técnicos e xurídicos.

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 109.1 TRLCS), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP) e, por delegación deste (acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de xullo de 2013), aos concelleiros de Area.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polo artigo 121 TRLCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato, esixidos polo artigo 109 do mesmo texto.

Terceiro.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor a xustificación dos requisitos esixidos pola D.A. 6ª da LO 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e disposición adicional 16ª do TRLRFL.

Cuarto.- No expediente xustifícase o procedemento elexido para a contratación, así como os criterios que se terán en conta para a adxudicación do contrato; criterios que se refiren ás características do obxecto do contrato e nos que se da preponderancia a aqueles que poden valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través de fórmulas matemáticas establecidas no PCAP reitor do contrato.

Quinto.- A Asesoría Xurídica, con data 15.12.2017, emitiu o informe esixido pola D.A. Segunda, apartado 7 TRLCSP en sentido favorable, sen prexuízo da fiscalización que do mesmo corresponda facer a Intervención Xeral.

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (D.A. Segunda, apartado 3 TRLCSP), unha vez se incorpore ao mesmo o documento contable acreditativo da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiación das obras e o informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente o documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “HUMANIZACIÓN BEIRRARÚAS AVENIDA ATLÁNTIDA”

Segundo: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 15 de decembro de 2017.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe máximo de CATROCENTOS SETENTA MIL TREC-CENTOS NOVENTA E OITO EUROS CON NOVENTA E

CATRO CÉNTIMOS (470.398,94€), de data agosto 2017, sendo o importe correspondente ao IVE de 81.639,48€

O valor estimado do contrato estipúlase en CATROCENTOS SESENTA E SEIS MIL CINCO-CENTOS ONCE EUROS CON TRINTA E CINCO CÉNTIMOS (466.511,35€)

Para a súa financiación aplicaranse os créditos do vixente orzamento, na aplicación orza-mentaria 1532.619.00.68 "Humanización da rúa Beirrarúas Avda. Atlántida"

Cuarto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1345).- MODIFICADO DO CONTRATO DO SERVIZO DE ACONDICIONAMENTO, MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E ARRANXO DE INFRAESTRUTURAS VIARIAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 71048/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 15/12/17, dáse conta do informe-proposta de data 18/12/17, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, o concelleiro delegado de Contratación e fiscalizado e conformado polo interventor xeral, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSPP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSPP.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPA).
- Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA).
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (LT).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo de acondicionamento, mantemento, conservación e arranxo das infraestruturas viarias do concello de Vigo (PCAP).

- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto do servizo de acondicionamento, mantemento, conservación e arranxo das infraestruturas viarias do concello de Vigo (PPT).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 26 de xuño de 2014, a Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente de contratación dos servizos de acondicionamento, arranxo, mantemento e conservación das infraestruturas viarias do Concello de Vigo, os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas particulares, autorizar o gasto e abrir o procedemento de licitación.

Segundo.- En data 7 de novembro de 2014, a XGL acordou a adxudicación deste procedemento a CIVIS GLOBAL, S.L. O contrato formalizouse o día 28 de novembro de 2014, e comezou a súa execución o día 1 de decembro do mesmo ano.

Terceiro.- En data 29 de novembro de 2017, o Enxeñeiro de Caminos, Canais e Portos municipal, na súa cualidade de Director técnico do contrato de acondicionamento, mantemento, e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo informa que os incendios acaecidos no término municipal o día 15 de outubro de 2017 provocaron numerosos deterioros nas infraestruturas viarias municipais. En consecuencia, é preciso realizar operacións de mantemento, polo que considera necesario “modificar o citado contrato para incrementar as operacións de reparación e mantemento de forma urxente, de modo que se eviten riscos aos usuarios e veciños dos diversos viais municipais afectados polos incendios”.

Cuarto.- En data 30 de novembro de 2017, a XGL acordou: *“Autorizar o inicio do expediente de modificación do contrato do servizo de acondicionamento, mantemento, e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo”.*

Quinto.- En data 14 de decembro de 2017, a Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos municipal e o Director Técnico de Contrato/ Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos municipal, emiten informe técnico no que conclúen que:

“A causa do incremento das operacións de reparación e mantemento propostas no presente expediente se corresponden coas circunstancias que determinan a modificación do contrato, recollidas no Anexo I das Follas de Características do Contrato (F.E.C.), no punto 16.c): “Un deterioro das infraestruturas viarias cuxa reparación exceda do importe previsto para a anualidade do contrato en curso”.

O incremento das operacións para a presente anualidade, non supera os límites da modificación fixado no punto 16.d) das F.E.C. do 20% do prezo do contrato, xa que alcanza o 15,20% da vixente anualidade 2017.

Os prezos que se propoñen figuran nos Anexos I e II do P.P.T.P. do Contrato, salvo catro prezos, que foron confeccionados cos prezos elementais que figuran nos citados Anexos I e II do P.P.T.P. Para os prezos elementais que non figuran en ditos Anexos, foron utilizados prezos de mercado”.

Sexto.- En data 14 de decembro de 2017, a empresa adxudicataria, en trámite de audiencia, á vista do informe mencionado no antecedente anterior, manifesta a súa conformidade tanto á modificación do contrato como aos prezos contraditorios recollidos no citado informe.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar, en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a esta modificación. Os contratos se rexen en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira do TRLCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) e Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.

-II-

Da modificación dos contratos

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ó órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección ós requisitos e efectos sinalados na mesma (artigos 210 TRLCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación so poderá modificar os contratos cando así se previu nos pregos ou no anuncio de licitación, ou nos casos e cos límites establecidos no artigo 107 (artigo 105 TRLCSP).

É dicir, a lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analizar os mesmos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ó redactar as mesmas. Así evítase conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación, principios que atópanse recollidos nos artigos 1 e 139 do TRLCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Por contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 106 TRLCSP):

- Os supostos en que poderá modificarse o contrato. Deberán definirse con total concreción por referencia a circunstancias cuxa concorrencia poida verificarse de forma obxectiva.

- As condicións da eventual modificación deberán precisarse cun detalle suficiente para permitir aos licitadores a súa valoración a efectos de formular a súa oferta e ser tomadas en conta no que se refire á esixencia de condicións de aptitude aos licitadores e valoración das ofertas.
- O alcance e límites das modificacións que poden acordarse con expresa indicación da porcentaxe do prezo do contrato ao que como máximo poidan afectar.
- O procedemento que haxa de seguirse para a modificación.

Nesta liña, no caso que nos ocupa, o prego prevé a modificación do contrato cando concorran as seguintes circunstancias (apartado 16.C da FEC):

- Un deterioro das infraestruturas viarias cuxa reparación exceda do importe previsto para a anualidade do contrato en curso.

Se concorresen estas circunstancias, poderán modificarse os seguintes aspectos do contrato (apartado 16.B da FEC):

- Incrementar as operacións de reparación e mantemento descritas na cláusula 10 do PPT.

Se ben se establece como límite á modificación que non poderá superar o 20% do prezo de adxudicación do contrato (apartado 16.D da FEC).

Respecto ó procedemento a seguir en caso de modificación, prevénse as seguintes especialidades (apartado 16.E da FEC):

- A modificación se acordará exclusivamente para a anualidade en curso incrementando o diminuíndo o número de traballos de mantemento e conservación ese ano.
- A modificación implicará a correlativa variación dos medios persoais e materiais na proporción correspondente.

No presente caso a modificación ven motivada porque producíronse numerosos deterioros das infraestruturas viarias municipais, como se recolle no informe do inspector municipal de data 29 de novembro, por mor de diversos incendios forestais acaecidos no municipio de Vigo o día 15 de outubro de 2017.

A modificación, segundo o informe técnico de data 14 de decembro de 2017, supón o incremento da anualidade en curso, que se desglosa nas seguintes unidades de obra. Inclúese a valoración económica desglosada en unidades a executar, incluíndo en negra as non previstas na licitación, cuxa xustificación esta recollida nos anexos I e II ao devandito informe:

	Ud	Descrición	Medición	Prezo	Importe
1	m	Desmontaje de barrera de seguridad	395,00	4,08	1611,60 €
2	m3	Demolición de firme con base asfáltica	36,33	20,08	729,41 €
3	m3	Excavación tt.terreno	63,00	6,75	425,25 €

4	m3	Desmontes a cielo abierto	758,20	2,53	1.918,25 €
5	m	Tubo 500 mm	23,00	96,52	2.219,96 €
6	m3	Escollera piedra suelta	299,50	22,97	6.879,52 €
7	m3	Hormigón HM-20 relleno muros	64,50	103,94	6.704,13 €
8	Kg	Acero corrugado B500S	124,50	1,90	236,55 €
9	m3	Hormigón HA-35 alzados	1,5	178,76	268,14 €
10	m3	Mampostería ordinaria hidráulica	1.171,43	77,83	98.083,31 €
11	m2	Muro mampostería	580,15	64,41	37.367,46 €
12	m3	Relleno procedente de préstamo	304,32	9,64	2.933,64 €
13	m3	Relleno de zanjas	21,00	3,39	71,19 €
14	m3	Zahorra artificial	79,05	23,26	1.838,70 €
15	m2	Fresado 5cm	83,00	1,58	131,14 €
16	m2	Riego imprimación	366,00	0,66	241,56 €
17	m2	Riego adherencia	385,00	0,32	123,20 €
18	Tn	MBC AC-16 surf	80,02	51,74	4.140,03 €
19	m	Barrera de seguridad	395,00	32,68	12.908,60
20	m	Barrera de seguridad de motoristas	395,00	38,84	15.341,80 €
21	m	Barrera de seguridad anclada	24,00	34,97	839,28 €
22	Ud	Abatimiento 8m	16,00	204,00	3.264,00 €
23	m	Vallado	544,00	51,00	27.744,00 €
24	m	Suministro e colocación de alambre y postes	181,00	41,83	7.571,23 €
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL UNIDADES					233.591,95 €

O incremento das operacións de reparación e mantemento propostas, cifrase en 233.591,95 euros, o que supón un incremento adicional líquido de 243.264,40 € tal e como se resume na táboa seguinte incluída no devandito informe técnico:

ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL	233.591,95 €
13% Gastos Xerais	30.366,95 €
6% Beneficio Industrial	14.015,52 €
1,5% Gestión de Residuos	3.503,88 €
2% Seguridad y Salud	4.671,84 €
SUMA PARCIAL	286.150,14 €
Baixa de Axudicación 29,74%	85.101,05 €
SUMA	201.049,09 €
21% I.V.E.	42.220,31 €
ORZAMENTO LÍQUIDO	243.269,40 €

-III-

Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato

A potestade de modificación unilateral da Administración o ius variandi, queda sometida a tres tipos de límites:

- Limites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigos 108.2 e 211.1 TRLCSP) e o informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 10 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 211.3.b TRLCSP). No caso de modificacións previstas no prego deberá seguirse o procedemento de modificación regulado no mesmo.
- Limites materiais: os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.
- Limites económicos: a obriga da Administración de compensar ó contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso evacuar trámite de audiencia ó contratista. Non é preciso solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia por canto a modificación é dun 3,8 % do prezo primitivo do contrato.

Evacuado o trámite de audiencia ó contratista, unha vez aprobado o inicio do expediente de modificación por acordo da XGL de 30 de novembro de 2017, este en escrito de alegacións presentado en data 14 de decembro, manifesta a súa conformidade coa proposta de modificación.

Respecto dos límites materiais, ponse de releve que a modificación obedece a unha razón de interese público: prover o mantemento das infraestruturas viarias que resultaron afectadas polos incendios acaecidos no municipio o día 15 de outubro de 2017. O mantemento das infraestruturas viarias, é unha competencia municipal propia de carácter obrigatorio, a teor do disposto no artigo 25.2.d e 26.1 da LBRL e 80.2.d e 81.a da LALGA.

Respecto dos límites económicos, é preciso compensar ó contratista respecto da alteración económica que esta modificación supón.

-IV-

Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do ius variandi, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ó que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais nos artigos 321 LALGA, 114.3 TRRL e 102 RLCAP: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, que é un municipio de gran poboación rexido polo Título X LBRL, hai que entendelas feitas ó titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 8ª apartado e do TRLCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións

públicas ós secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

A resolución administrativa ditada en exercicio da potestade administrativa de modificación terá que ser motivada (artigo 35.1.a LPA) e será precisa a súa formalización.

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigos 211.4 TRLCSP e 114.3 TRRL).

O acordo de modificación deberá ser obxecto de publicación (artigo 8.1.a LT) e remitirse ao Consello de Contas (artigo 29.1 TRLCSP) nos tres meses seguintes á formalización.

-V-

Do reaxuste da garantía definitiva

O TRLCSP regula no seu Título IV o Réxime de garantías esixibles na contratación do sector público. Na actualidade unicamente é preceptiva a esixencia de garantía definitiva. Se ben se permite que en casos especiais, o órgano de contratación poida establecer no prego de cláusulas que, ademais da garantía definitiva, préstese unha complementaria de ata un 5 por 100 do importe de adxudicación do contrato, podendo alcanzar a garantía total un 10 por 100 do prezo do contrato (artigo 95.2).

A garantía definitiva responde, segundo o artigo 100 do TRLCSP:

- a) Das penalidades impostas ao contratista conforme ao artigo 212.
- b) Da correcta execución das prestacións contempladas no contrato, dos gastos orixinados á Administración por demora do contratista no cumprimento das súas obrigacións, e dos danos e prexuízos ocasionados á mesma con motivo da execución do contrato ou polo seu incumprimento, cando non proceda a súa resolución.
- c) Da incautación que pode decretarse nos casos de resolución do contrato, de acordo co que nel ou nesta Lei estea establecido.
- d) Ademais, no contrato de fornezo a garantía definitiva responderá da inexistencia de vicios ou defectos dos bens fornecidos durante o prazo de garantía que se previu no contrato.

Esta garantía esexese aos que presenten as ofertas economicamente máis vantaxosas nas licitacións dos contratos que celebren as Administracións Públicas. A súa contía é dun 5 por 100 do importe de adxudicación do contrato, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido (artigo 95.1 do TRLCSP).

A súa constitución é requisito imprescindible para que se poida adxudicar o contrato ao licitador primeiro clasificado. De non constituírse no prazo concedido ó efecto, decaera o seu dereito á adxudicación do contrato, e o órgano de contratación adxudicará o contrato ó licitador seguinte, polo orde no que quedasen clasificadas as ofertas (artigo 99 en relación co artigo 151 do TRLCSP).

Para responder do cumprimento deste contrato CIVIS GLOBAL constituíu na Tesourería do Concello garantía definitiva por importe de 264.462,81 euros, en data 20 de outubro de 2014.

Co obxecto de manter a integridade da garantía definitiva, se prevé a súa reposición e reaxuste nos seguintes casos:

- No caso de que se fagan efectivas sobre a garantía as penalidades ou indemnizacións esixibles ó adxudicatario (artigo 99.2 do TRLCSP).
- Cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o prezo do mesmo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado (artigo 99.3 do TRLCSP).

En consecuencia, procede reaxustar a garantía definitiva, unha vez aprobada a presente modificación con carácter previo a súa formalización.

-VI-

Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP).

ACORDO:

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Modificar o contrato de servizo de acondicionamento, mantemento, conservación e arranxo das infraestruturas viarias do concello de Vigo:

a) Incrementando as operacións de reparación e mantemento descritas na cláusula 10 do PPT para o ano 2017, conforme ao seguinte cadro:

	Ud	Descrición	Medición	Precio	Importe
1	m	Desmontaje de barrera de seguridad	395,00	4,08	1611,60 €
2	m3	Demolición de firme con base asfáltica	36,33	20,08	729,41 €
3	m3	Excavación tt.terreno	63,00	6,75	425,25 €
4	m3	Desmontes a cielo abierto	758,20	2,53	1.918,25 €
5	m	Tubeo 500 mm	23,00	96,52	2.219,96 €
6	m3	Escollera pedra suelta	299,50	22,97	6.879,52 €
7	m3	Hormigón HM-20 relleno muros	64,50	103,94	6.704,13 €
8	Kg	Acero corrugado B500S	124,50	1,90	236,55 €
9	m3	Hormigón HA-35 alzados	1,5	178,76	268,14 €
10	m3	Mampostería ordinaria hidráulica	1.171,43	77,83	98.083,31 €
11	m2	Muro mampostería	580,15	64,41	37.367,46 €
12	m3	Relleno procedente de préstamo	304,32	9,64	2.933,64 €

13	m3	Relleno de zanjas	21,00	3,39	71,19 €
14	m3	Zahorra artificial	79,05	23,26	1.838,70 €
15	m2	Fresado 5cm	83,00	1,58	131,14 €
16	m2	Riego imprimación	366,00	0,66	241,56 €
17	m2	Riego adherencia	385,00	0,32	123,20 €
18	Tn	MBC AC-16 surf	80,02	51,74	4.140,03 €
19	m	Barrera de seguridad	395,00	32,68	12.908,60
20	m	Barrera de seguridad de motoristas	395,00	38,84	15.341,80 €
21	m	Barrera de seguridad anclada	24,00	34,97	839,28 €
22	Ud	Abatimiento 8m	16,00	204,00	3.264,00 €
23	m	Vallado	544,00	51,00	27.744,00 €
24	m	Suministro e colocación de alambre y postes	181,00	41,83	7.571,23 €
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL UNIDADES					233.591,95 €

O incremento das operacións de reparación e mantemento propostas, cifrase en 233.591,95 euros, o que supón un incremento adicional líquido de 243.264,40 € tal e como se resume na táboa seguinte incluída no informe técnico de data 14 de decembro de 2017, citado no antecedente cuarto do presente informe:

ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL	233.591,95 €
13% Gastos Xerais	30.366,95 €
6% Beneficio Industrial	14.015,52 €
1,5% Gestión de Residuos	3.503,88 €
2% Seguridad y Salud	4.671,84 €
SUMA PARCIAL	286.150,14 €
Baixa de Axudicación 29,74%	85.101,05 €
SUMA	201.049,09 €
21% I.V.E.	42.220,31 €
ORZAMENTO LÍQUIDO	243.269,40 €

b) Autorizando a incorporación dos prezos contraditorios propostos no devandito informe técnico, aos Anexos I e II do PPT.

A modificación representa un 3,8 % do prezo primitivo do contrato.

2º.- Autorizar o gasto correspondente á modificación, que imputarase a aplicación presupostaria 1532.210.00.01.

3º.- Reaxustar a garantía definitiva con carácter previo á formalización do contrato.

4º.- Formalizar por escrito a presente modificación.

5º.- Publicar o acordo de modificación no perfil do contratante e no portal de transparencia.

6º.- Dar traslado do presente acordo, xunto cun extracto do expediente ao Consello de Contas de Galicia”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez e corenta e cinco minutos. Como secretario dou fé.

me.

O CONCELLEIRO-SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Cayetano Rodríguez Escudero.

O SEGUNDO TENENTE DE ALCALDE,
David Regades Fernández.